# Exemplo 1. Distribución Live SystemRescueCD. Conexión ao seu servidor SSH e configuración do mesmo

## Sumario


- 1 Exemplo 1. Distribución Live SystemRescueCD. Conexión ao seu servidor SSH e configuración do mesmo
  - 1.1 Arrancar o servidor SSH na SystemRescueCD con diversas configuracións
    - 1.1.1 Configuración por defecto
    - 1.1.2 Cambios no arquivo de configuración /etc/ssh/sshd_config
  - 1.2 Conexión mediante o cliente liña de comandos ssh
    - 1.2.1 Configuracións do comando **ssh** para establecer unha conexión **SSH**
  - 1.3 Conexión mediante o cliente gráfico putty para plataformas Windows e UNIX
    - 1.3.1 Configuracións de **putty** para establecer unha conexión **SSH**


# Exemplo 1. Distribución Live SystemRescueCD. Conexión ao seu servidor SSH e configuración do mesmo

**NOTA: Picar nas imaxes para velas no tamaño orixinal**

## Arrancar o servidor SSH na SystemRescueCD con diversas configuracións

**NOTA: Para ver información referente da distribución Live SystemRescueCD picar na seguinte ligazón:** SystemRescueCD

### Configuración por defecto

Ao arrancar a **SystemRescueCD** teremos unha serie de servizos activos e funcionando, un deles é o servidor **SSH**, no **porto 22**, co cal simplemente para poder acceder por **SSH** á **SystemRescueCD** procedemos do seguinte xeito:





**a. Arrancar SystemRescueCD**




**b. Elixir teclado español (opción 13)**




**c. Configurar a tarxeta de rede eth0**




**d. Detalles interface eth0**




**e. Opción 2. Rede cableada**




**f. Configuración da rede manualmente (NON DHCP)**



**g. IP: 192.168.120.100**

**h. Dirección Broadcast: 192.168.120.255**







**i. Máscara de Subrede: 255.255.255.0**

**k. Gateway**







**l. DNS**

**m. Comprobación configuración rede interface eth0**






**n. Password root: toor**

**ñ. Comprobación funcionamento ssh**

Mediante o comando ***ssh -v localhost*** comprobamos se o servidor **S**
podemos conectarnos a el dende **localhost**. Como é a primeira ver q
o servidor avísanos se estamos de acordo coa autenticación. Respos
pulsamos **Enter**.




**o. Continuación comprobación funcionamento ssh**

## Cambios no arquivo de configuración /etc/ssh/sshd_config

◊ **Impedir a root a conexión mediante SSH**

1. Editar o arquivo **/etc/ssh/sshd_config** e modificar:

```
#PermitRootLogin yes
```

por

```
PermitRootLogin no
```

2. Recargar o ficheiro de configuración para activar os cambios: **/etc/init.d/sshd reload**

◊ **Modificar o porto da conexión SSH**

1. Editar o arquivo **/etc/ssh/sshd_config** e modificar:

```
#Port 22
```

por

```
Port 2222
```

2. Recargar o ficheiro de configuración para activar os cambios: **/etc/init.d/sshd reload**

◊ **Redireccionar X para realizar conexións gráficas remotas**

1. Editar o arquivo **/etc/ssh/sshd_config** e modificar:

```
#X11Forwarding no
#X11DisplayOffset 10
#X11UseLocalhost yes
```

por

```
X11Forwarding yes
X11DisplayOffset 10
X11UseLocalhost yes
```

**NOTA: Realmente a única opción que habería que cambiar sería *X11Forwarding yes* xa que na configuración por defecto non está activada.**

2. Recargar o ficheiro de configuración para activar os cambios: **/etc/init.d/sshd reload**

## Conexión mediante o cliente liña de comandos ssh

**NOTAS:**

1. **Imos empregar o comando ssh para acceder dende un host Linux ao host que ten arrancado o SystemRescueCD**
2. Para ver información referente aos **comandos ssh** picar na seguinte ligazón: Introdución ao Servidor OpenSSH

### Configuracións do comando ssh para establecer unha conexión SSH

1. **Configuración por defecto**






**a.** Simplemente temos que por separado polo caracter @ a dirección do **Nome de usuario co cal queremos conectarnos** e a **IP** ou **Host Name** do servidor **SSH**. A conexión establecerase no **Porto** por defecto para a conexión **SSH**: o porto **22**

**b. Conectando...** Se é a primeira vez que nos conectamos estamos de acordo coa autenticación. Escribimos **yes** e pu primeira vez ver a seguinte imaxe.




**c. Petición de login e password**. Establecemos a conexión co usuario **root**, coa password **toor** , que modificamos anteriormente.
**Conexión establecida**. Agora xa temos unha consola remota da distribución **SystemRescueCD** mediante unha conexión **SSH**

2. **Configurando parámetros de conexión**

**A. Conexión a un servidor SSH no porto 2222**






**a.** Procedemos como anteriormente, separados polo carácter @ por o **Nome de usuario co cal queremos conectarnos** e a dirección **IP** ou **Host Name** do servidor **SSH**, pero agora trocamos o porto de conexión **22** ao novo porto de conexión **2222**. Para isto empregamos a opción do comando **-p nº_porto_conexión**, é dicir, **-p 2222**. A conexión agora establecerase no **Porto 2222** para a conexión **SSH**

**b. Conectando...** Se é a primeira vez que nos conectamos estamos de acordo coa autenticación. Escribimos **yes** e pu Se non é a primeira vez que nos conectamos ver a seguint




**c. Petición de login e password**. Establecemos a conexión co usuario **root**, coa password **toor** , que modificamos anteriormente.
**Conexión establecida**. Agora xa temos unha consola remota da distribución **SystemRescueCD** mediante unha conexión **SSH**

**B. Conexión a un servidor SSH con redirección X**

**NOTA: Para poder redireccionar X e lanzar aplicacións gráficas remotas no equipo local Linux, iste debe posuir un servidor gráfico, como por exemplo X. Hoxe en día a maoría das distribucións de Linux traballan con contorna gráfica, co cal xa existe nas mesmas un servidor gráfico instalado.**

Unha vez lanzado un terminal no cliente **Linux con Servidor Gráfico**, procedemos:







**a.** Procedemos como anteriormente, separados polo carácter @ por o **Nome de usuario co cal queremos conectarnos** e a dirección **IP** ou **Host Name** do servidor **SSH**, pero agora empregamos a opción do comando **-X**. A conexión agora establecerase redireccionando o **Servidor Gráfico do Servidor SSH** ao **Servidor Gráfico do cliente Linux**, isto é o **Servidor Gráfico do Cliente LInux** aceptará as conexións por **SSH** e poderá visualizar os comandos lanzados no **Servidor SSH**

**b. Conectando...** Se é a primeira vez que nos conectamos
estamos de acordo coa autenticación. Escribimos **yes** e pu
Se non é a primeira vez que nos conectamos ver a seguint






**c. Petición de login e password**. Establecemos a conexión co usuario **root**, coa password **toor** , que modificamos anteriormente.
**Conexión establecida**. Agora xa temos unha consola remota da distribución **SystemRescueCD** mediante unha conexión **SSH** co **Servidor Gráfico Redireccionado**.

**d. Lanzamos gparted e prodúcese a redirección gráfica**
O comando lanzado é **gparted &** para que **gparted** traballe
poidamos seguir empregando a consola remota.

## Conexión mediante o cliente gráfico putty para plataformas Windows e UNIX

**NOTAS:**

1. **Imos empregar putty para acceder dende un host Windows ao host que ten arrancado o SystemRescueCD**
2. Para ver información referente ao cliente gráfico **putty** picar na seguinte ligazón: putty

### Configuracións de putty para establecer unha conexión SSH

1. **Configuración por defecto**




**a.** Simplemente temos que por a dirección **IP** ou **Host Name** do servidor **SSH** e picar en *Open*. A conexión establecerase no **Porto** por defecto para a conexión **SSH**: o porto **22**




**b. Conectando...** Como é a primeira vez que nos conectan
estamos de acordo coa autenticación. Prememos en **Sí**.




**c. Petición de login e password**. Establecemos a conexión co usuario **root**, coa password **toor** , que modificamos anteriormente.
**Conexión establecida**. Agora xa temos unha consola remota da distribución **SystemRescueCD** mediante unha conexión **SSH**

2. **Configurando parámetros de conexión**

**A. Conexión a un servidor SSH no porto 2222**






**a.** Procedemos como anteriormente, por a dirección **IP** ou **Host Name** do servidor **SSH**, pero agora trocamos o porto de conexión **22** ao novo porto de conexión **2222**. A continuación picar en *Open*. A conexión agora establecerase no **Porto 2222** para a conexión **SSH**

**b. Conectando...** Se é a primeira vez que nos conectamos
estamos de acordo coa autenticación. Prememos en **Sí**.
Se non é a primeira vez que nos conectamos ver a seguint




**c. Petición de login e password**. Establecemos a conexión co usuario **root**, coa password **toor** , que modificamos anteriormente.
**Conexión establecida**. Agora xa temos unha consola remota da distribución **SystemRescueCD** mediante unha conexión **SSH**

**B. Conexión a un servidor SSH con redirección X**

**NOTA: Para poder redireccionar X e lanzar aplicacións gráficas remotas no equipo local Windows, iste debe posuir un servidor gráfico, como por exemplo Xming. Ver a ligazón Xming para instalar e lanzar o Servidor Gráfico Xming.**

Unha vez lanzado o **Servidor Gráfico X para Windows Xming**, procedemos:




**a.** Por a dirección **IP** ou **Host Name** do servidor **SSH** e o porto da conexión **SSH**, neste caso **22**.




**b. Apartado SSH Configuración putty**.

A continuación dirixirse ao panel esquerdo de **putty**, e exte

(picar no +).






**c. Activar Opción X11 Forwarding**.

Picamos en **X11** e activamos a opción **X11 forwarding**. A continuación pulsar en **Open**




**e. Petición de login e password**. Establecemos a conexión co usuario **root**, coa password **toor** , que modificamos anteriormente.

**Conexión establecida**. Agora xa temos unha consola remota da distribución **SystemRescueCD** mediante unha conexión **SSH** co **Servidor Gráfico Redireccionado**.

**d. Conectando...** Se é a primeira vez que nos conectamos

estamos de acordo coa autenticación. Prememos en **Sí**.

Se non é a primeira vez que nos conectamos ver a seguint




**f. Lanzamos gparted e prodúcese a redirección gráfica.**

O comando lanzado é **gparted &** para que **gparted** traballe

poidamos seguir empregando a consola remota do putty.

--ricardofc [24/04/10]